



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0054	Dotación sanitaria	2018/2019	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	VERÓNICA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, MARÍA ESTHER PÉREZ RODRÍGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA ESTHER PÉREZ RODRÍGUEZ

Estado: Supervisada

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais, e realiza o mantemento básico da dotación sanitaria do vehículo.
RA2 - Controla as existencias e os materiais do vehículo sanitario, e identifica as súas características e as necesidades de almacenaxe.
RA3 - Aplica as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización segundo o procedemento e as medidas de seguridade establecidas.
RA4 - Formaliza a documentación clínica e non clínica da súa competencia, e comproba a información que deba figurar en relación coa súa utilidade.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciáronse os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais.
CA1.2 Interpretáronse e executáronse as recomendacións de fábrica.
CA1.3 Clasificouse a dotación material do vehículo, segundo o nivel asistencial e o plan de mantemento.
CA1.4 Verificouse a funcionalidade dos equipamentos sanitarios e de autoprotección.
CA1.5 Verificouse a funcionalidade dos sistemas de comunicacións.
CA1.6 Aplicáronse as instrucións dos fabricantes relativas ao mantemento básico da dotación.
CA1.7 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias relacionadas co funcionamento dos equipamentos.
CA1.8 Clasificáronse os medios e os procedementos de prevención e de protección, en función dos factores e das situacións de risco laboral no seu ámbito de traballo.
CA1.9 Interpretáronse os sinais de protección e as normas de seguridade e hixiene.
CA2.1 Definíronse as situacións de emerxencia e catástrofe que requiren material sanitario na preparación lóxística.
CA2.2 Identificáronse os documentos de control das existencias de almacén.
CA2.3 Asociouse cada tipo de documento co obxectivo desempeñado no funcionamento do almacén.
CA2.4 Comprobouse a caducidade dos fármacos, e a do material funxible e de cura, e retirouse o caducado.
CA2.5 Identificáronse e rexistráronse as necesidades de reposición.
CA2.6 Formalizáronse as ordes de pedido, con precisión do tipo de material, o axente e a unidade ou empresa subministradora.
CA2.7 Efectuouse a reposición conforme as condicións de conservación do material, segundo as súas características e as necesidades de almacenaxe.
CA2.8 Utilizouse a aplicación informática para a xestión do almacén.
CA2.9 Comprobouse a cantidade de osíxeno das balas do vehículo e, se o nivel non era o axeitado, efectuouse a súa reposición.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.10 Xustificouse o óptimo aproveitamento dos recursos materiais.
CA3.1 Elimináronse os residuos orgánicos e inorgánicos derivados da actividade sanitaria.
CA3.2 Utilizáronse contedores correspondentes ao tipo de residuos.
CA3.3 Clasificáronse os procedementos de limpeza, desinfección, embolsamento e esterilización.
CA3.4 Relacionáronse os procedementos de limpeza, desinfección e esterilización coa súa aplicación sobre os tipos de material.
CA3.5 Identificáronse os perigos da manipulación de produtos de limpeza, esterilización e desinfección.
CA3.6 Preparáronse as solucións para a limpeza e a desinfección do material, segundo o seu tipo e as súas características.
CA3.7 Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material sanitario e do habitáculo asistencial, tras unha actuación.
CA3.8 Organizouse e colocouse o material do vehículo ao terminar a súa limpeza e a súa desinfección.
CA4.1 Identificáronse os tipos de documentos clínicos.
CA4.2 Identificáronse a función e as vías de tramitación dos documentos clínicos.
CA4.3 Identificouse o informe de asistencia da realización de manobras de soporte vital básico coa información que cumpra incluír.
CA4.4 Formalizouse o documento de desexo de non traslado e transmitiuse a información.
CA4.5 Identificouse a documentación preceptiva do vehículo asistencial: formularios, partes de asistencia, autorizacións e permisos legais, etc.
CA4.6 Valorouse a importancia da documentación como elemento clave da trazabilidade do proceso de asistencia.
CA4.7 Manexouse a documentación e a información cumprindo a lexislación de protección de datos, e a de dereitos e deberes dos pacientes.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os tipos de transporte sanitario e de vehículos asistenciais, e realiza o mantemento básico da dotación sanitaria do vehículo.
RA2 - Controla as existencias e os materiais do vehículo sanitario, e identifica as súas características e as necesidades de almacenaxe.
RA3 - Aplica as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización segundo o procedemento e as medidas de seguridade establecidas.
RA4 - Formaliza a documentación clínica e non clínica da súa competencia, e comproba a información que deba figurar en relación coa súa utilidade.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Clasificouse a dotación material do vehículo, segundo o nivel asistencial e o plan de mantemento.

**Criterios de avaliación do currículo**

CA1.4 Verifícase a funcionalidade dos equipamentos sanitarios e de autoprotección.

CA1.8 Clasifícanse os medios e os procedementos de prevención e de protección, en función dos factores e das situacións de risco laboral no seu ámbito de traballo.

CA2.2 Identifícanse os documentos de control das existencias de almacén.

CA2.3 Asociouse cada tipo de documento co obxectivo desempeñado no funcionamento do almacén.

CA2.4 Comprobase a caducidade dos fármacos, e a do material funxible e de cura, e retírase o caducado.

CA2.6 Formalízanse as ordes de pedido, con precisión do tipo de material, o axente e a unidade ou empresa subministradora.

CA2.7 Efectúase a reposición conforme as condicións de conservación do material, segundo as súas características e as necesidades de almacenaxe.

CA3.1 Elimínanse os residuos orgánicos e inorgánicos derivados da actividade sanitaria.

CA3.3 Clasifícanse os procedementos de limpeza, desinfección, embolsamento e esterilización.

CA3.5 Identifícanse os perigos da manipulación de produtos de limpeza, esterilización e desinfección.

CA3.6 Preparáanse as solucións para a limpeza e a desinfección do material, segundo o seu tipo e as súas características.

CA3.7 Realízase a limpeza, a desinfección e a esterilización do material sanitario e do habitáculo asistencial, tras unha actuación.

CA3.8 Organízase e colócase o material do vehículo ao terminar a súa limpeza e a súa desinfección.

CA4.1 Identifícanse os tipos de documentos clínicos.

CA4.2 Identifícanse a función e as vías de tramitación dos documentos clínicos.

CA4.4 Formalízase o documento de desexo de non traslado e transmítese a información.

CA4.5 Identifícase a documentación preceptiva do vehículo asistencial: formularios, partes de asistencia, autorizacións e permisos legais, etc.

CA4.7 Manéxase a documentación e a información cumprindo a lexislación de protección de datos, e a de dereitos e deberes dos pacientes.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**Mínimos exixibles:**

Serán a totalidade de criterios indicados no currículo do ciclo medio de Emerxencias sanitarias (Decreto 216/2008 e Decreto 38/2010) para o módulo de Teleemergencias.

Criterios de cualificación:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, pola persoa aspirante, ante o profesor do módulo:



- Proba teórica: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do IES Lamas de Abade

- Proba práctica: as persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

A calificación de esta segunda parte da proba será de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES Lamas de Abade.

O profesor poderá excluír de calquera parte da proba do módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN

1. A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante será numérica, entre un e dez, sen decimais.

2. A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

3. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas no módulo no IES Lamas de Abade, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita con preguntas tipo test e/ou de resposta breve que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

No caso de haber preguntas tipo test as preguntas mal respostadas puntuarán negativo, cunha proporción de 2:1 (é dicir, cada 2 preguntas mal respostadas, restará unha ben).

As preguntas non contestadas non puntuarán negativamente.

Para a superación desta proba, o alumnado deberá acadar o 50% das preguntas correctamente contestadas, unha vez descontados os negativos.

A duración da proba teórica será de 2 h.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul ou negro.

Só se valorarán as respostas recollidas na táboa ou plantilla proporcionada polo profesorado e que sexan lexibles, no caso contrario contarán como non contestadas.

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou con calquera outro dispositivo electrónico.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez rematado o chamamento público do alumnado.



Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
Non está permitido sacar da aula ningún destes documentos

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou con calquera outro dispositivo electrónico.
Non se permitirá o acceso á proba unha vez rematado o chamamento público do alumnado.
Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
Non está permitido sacar da aula ningún destes documentos

4.b) Segunda parte da proba

As persoas que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda que terá tamén carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente representativa dos criterios de avaliación establecidos para esta parte da proba.

Para a superación desta proba, o alumnado deberá acadar o 70% das preguntas correctamente contestadas.

A duración da proba non excederá os 60 minutos por alumno/a.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles, ou outros dispositivos electrónicos ou soporte bibliográfico; agás a calculadora científica si así se estimase oportuno.

O profesor aportará o material necesario para cada suposto práctico.